

**ACTA da
ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA
01/12/2018
1ª CONVOCATORIA 17:00
2ª CONVOCATORIA 17:30**

Centro Social de Baltar
Lugar de Baltar 26, 1º – Castrelo
36639 Cambados

<https://goo.gl/maps/5RR6zLAe3882>


PUNTO ÚNICO

1º Comunicación de altas¹ e baixas de colectivos².

[1] Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro.

[2] Asociación Cultural Barcos do Nordés e Associação de ex-Marinheiros da Armada de Vila do Conde.

O Secretario



Asdo.: José Luís Sacau Fontenla

Cambados, 12 de novembro de 2018

Ás 17:30 horas do sábado 1 de decembro, constitúese en 2ª convocatoria a Asemblea Xeral Extraordinaria de Culturmar, coa presenza dos colectivos que se citan ao pé, para tratar o seguinte

PUNTO ÚNICO

1º Comunicación de altas e baixas de colectivos.

O secretario explica que, unha vez comunicada na anterior Asemblea Xeral Ordinaria a solicitude de alta da Asociación de Embarcacións Tradicionais Piueiro da Guarda como socio numerario da FGCMF-Culturmar, apadriñada polo Instituto de Estudos Miñoráns, corresponde nesta Asemblea Extraordinaria tomar a decisión de admitir, no seu caso, esta solicitude. Antes de proceder á votación dáselle á palabra aos membros do IEM e da propia Piueiro, quen fan constar a súa vocación na defensa do patrimonio marítimo-fluvial galego, á vez que fan un repaso das actividades desenvolvidas no pasado, da súa propia xestión como asociación e dos obxectivos de futuro.

Finalizada esta exposición, apróbase o ingreso por unanimidade e faise constar a benvida de todo o colectivo de Culturmar ao seu novo membro de pleno dereito.

De seguido, o secretario pasa a expoñer que na anterior Asemblea Xeral dérase inicio aos trámites de baixa definitiva da Asociación Cultural Barcos do Nordés e Associação de ex-Marinheiros da Armada de Vila do Conde. Este proceso iniciárase no seu momento debido á situación de impago das cotas de socio, sen que fose posíbel na altura a comunicación cos seus representantes para obter explicación algunha sobre tal circunstancia.

Por este motivo, e unha vez comunicado a ambas o inicio do trámite, consonte os estatutos, sométese á Asemblea Xeral Extraordinaria a decisión sobre a baixa definitiva, que resulta aprobada por unanimidade en ambos casos.

Para finalizar, o secretario informa de que, tras estas altas e baixas, Culturmar pasa a contar con 43 colectivos.

E non habendo máis puntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 17:40 horas.

RELACIÓN DE ASISTENTES

Pola Xunta Directiva

Presidente.....Manuel García Sendón
Vicepresidente.....Xaquín Lores Torres
Secretario.....José Luís Sacau Fontenla
Tesoureiro.....Marcos Buide Pollán

Vogal.....Víctor Fernández González
Vogal.....Enrique Sendra Ortega
Administrativa.....María Carmen Serantes González


Polos Colectivos

ACRI Cofradía da Dorna (Ribeira)	AC e de Tradicións Mariñeiras Gamela (Cabo de Cruz)
A Amigos da Dorna Meca (O Grove)	AC Mar de Muros (Muros)
Grupo Etnográfico Mascato (Cambados)	ACDPAX Fasquía (Arousa)
ACD Dorna (Arousa)	Instituto de Estudos Miñoranos (Gondomar)
Amigos da Dorna de Portonovo (Portonovo)	Amigos do Museo do Mar de Galicia
Mariñeiros Art.e Dep. San Miguel de Bouzas (Bouzas)	AC Os Patexeiros (Sada)
AC Lajareu por Barlovento (Ribeira)	A Terra de Outes (Serra de Outes)
AR Mar de Pedra e Amigos das Gamelas (Cangas)	AC de Embarcacións Tradicionais a Torre (Cambados)
ARC Sueste (Moaña)	

Asiste como convidada e candidata a ingresar en Cullturmar a Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro, apadriñada polo Instituto de Estudos Miñoráns.

Cambados, 2 de decembro de 2018

O Secretario



Asdo.: José Luís Sacau Fontenla

O Presidente

Asdo.: Manuel García Sendón